

COMUNICACIÓN PARA A REALIZACIÓN DAS FOGUEIRAS DE SAN XOÁN 2025 (a noite do 23 de xuño do 2025 á madrugada do 24 de xuño do 2025) E DE SAN PEDRO 2025 (a noite do 28 de xuño do 2025 á madrugada do 29 de xuño do 2025)

Aviso: Esta comunicación debe presentarse xunto co DNI da persoa responsable para a súa comprobación

A persoa que asina e comunica a realización da fogueira será sempre a **responsable dos danos e prexuízos que esta ocasión**

RESPONSABLE DA FOGUEIRA	
DNI	NOME E APELIDOS
ENDEREZO	
PARROQUIA	MUNICIPIO
TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO

COMUNICA:

☐ A realización dunha fogueira na noite do **23 de xuño** que se realizará en:

DATOS DA FOGUEIRA
Lugar exacto da fogueira: (rúa, lugar, parroquia, referencias)

☐ A realización dunha fogueira na noite do **28 de xuño** que se realizará en:

DATOS DA FOGUEIRA
Lugar exacto da fogueira: (rúa, lugar, parroquia, referencias)

E comprométese a cumprir as seguintes normas:

- As persoas, organizacións ou comunidade que desexen realizar unha fogueira deberán comunicalo por escrito ao Concello de Fene, **acompañando DNI do responsable**. Estas comunicacións só se poderán presentar no Rexistro Xeral do Concello, ou no Rexistro Electrónico desta entidade, por persoas maiores de idade, dende a data de sinatura correspondente bando informativo ata ás 14.00 horas do 20 de xuño de 2025, séndolle de aplicación o disposto. As luminarias poderán realizarse unicamente os días 23 de xuño e madrugada do 24 de xuño, e 28 de xuño e madrugada do 29 de xuño. A persoa representante será responsable do cumprimento das presentes normas:

- Só se poderán realizar as luminarias en terreos públicos e particulares localizados en solo urbano (núcleos urbanos) e en solo de núcleo rural (núcleos rurais)

- A separación mínima á área de árbores e libre de combustible será, polo menos, de 15 metros a árbores de pequeno ou mediano porte; 25 metros a árbores de gran porte, tendidos eléctricos ou telefónicos, entre outros, e a 15 metros do mobiliario urbano

- A fogueira non superará en ningún caso os 3 metros de altura nin os 8 de perímetro

- Queda prohibida a queima de plásticos, aceites, neumáticos, espumas de poliuretano, recipientes que conteñan líquidos ou gases (sprays) aínda que estén baleiros, e en xeral, calquera outra sustancia que poida desprender fume tóxico

- Non poderá iniciarse ningunha fogueira cando as condicións meteorolóxicas poidan dificultar o seu control, especialmente nos días de vento. Asemade, se iniciado o lume se prodúcese a aparición de vento intenso, procederase a apagalo

- Non se abandonará a vixilancia da zona da fogueira ata que o lume estea totalmente apagado e logo de dúas horas sen lapas ou brasas

- O Concello de Fene, por propia iniciativa ou por instancia do Servizo Territorial de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais, poderá impedir a realización nos casos que non sexa posible garantir as medidas de seguridade e prevención de incendios

- En caso de incumprimento do indicado, ou de queixas fundamentadas da veciñanza, poderase requirir a extincións das fogueiras

- Esta comunicación non eximirá en ningún caso das responsabilidades por danos e perdas a que houbera lugar no caso de producirse un incendio forestal polo uso do lume cando conorra negligencia ou imprudencia

O cumprimento destas normas poderá ser comprobado pola Policía Local (981.49.27.77), que darán conta das incidencias/infraccións detectadas

Teléfonos de interese:

- Concello de Fene: 981 492 707
- Emerxencias: 112
- Policía Local de Fene: 981 492 777
- Protección Civil de Fene: 663 379 073

O/a asinante declara: Ser certos os datos achegados e orixinais ou copias da documentación adxunta, e que se compromete a cumprir coas especificacións anteriormente descritas

Fene..... de de 2025

Asdo.:

ALCALDESA DO CONCELLO DE FENE

LEI DE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL De conformidade co establecido no art. 53.1.d) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e en todos os casos nos que a correspondente documentación estea ou deba estar na Administración, insta a que se incorpore de oficio ao expediente testemuñas daqueles. Por iso préstase consentimento ao Concello de Fene para se poidan consultar e transmitir cantos datos resulten precisos para comprobar a veracidade dos datos expostos ou comunicados, sen prexuízo das restricións que establezan as normas de aplicación. No caso de que se opoña a este consentimento debe indicalo aquí:

Asinado: -----

Información sobre a protección dos seus datos: De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE FENE, con dirección PRAZA DO ALCALDE RAMON JOSÉ SOUTO GONZALEZ S/N, 15500 - FENE (A CORUÑA); SECRETARIA@FENE.GAL. 1.- dpo: O Delegado de Protección de Datos do CONCELLO DE FENE é Servizos de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. có que poderá contactar en SECRETARIA@FENE.GAL. 2.- finalidade do tratamento: Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado. O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá supoñer a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado Prazo de conservación: os datos facilitados conservaranse durante o tempo necesario para poder atender a súa solicitude, así como para dar cumprimento legal ás xestións administrativas derivadas da prestación do servizo 3.- lexitimación: Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga ao realizar a solicitude de prestación do servizo. 4.-destinatarios de cesións: CONCELLO DE FENE non cederá os seus datos de carácter persoal. 5.- dereitos: Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos. O CONCELLO DE FENE dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, nas nosas instalacións ou por correo electrónico en SECRETARIA@FENE.GAL, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.